

## III CONTROL DELEGACIÓN DE LUGO

16 de maio de 2021

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubs da provincia, organiza o 3º CONTROL DELEGACIÓN DE LUGO, o **DOMINGO 16 de maio de 2021, en xornada de mañá**, na pista ao aire libre do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

### REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar os atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2021) por algún Club pertencente a Galicia e que pertencen ás categorías **sub-10 ata sub-14**, agás na proba de lanzamento de disco que será dende sub-16 ata máster.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **20:00 horas do martes 11 de maio**. **Non se admitirán inscricións fóra de prazo.**

**Existirá unha cota de inscrición de 3€** para todos os atletas.

### Art. 3. HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
SALTO LONXITUDE (sub-12) – serie A-B	10:30	500m (sub-12)
LANZAMENTO PESO (sub-10) – serie A		LANZAMENTO XAVELINA (sub 14-16-18) - serie B
	10:45	500m (sub-10)
LANZAMENTO PESO (sub-10) – serie B	11:00	SALTO LONXITUDE (sub-12) – serie A-B
500m (sub-12)		
500m (sub-10)	11:15	
LANZAMENTO XAVELINA (sub 14-16-18) - serie B		
SALTO LONXITUDE (sub-10) – serie A-B	11:30	LANZAMENTO PESO (sub-10) – serie A
500m (sub-14)	11:35	
	11:45	500m (sub-14)
LANZAMENTO XAVELINA (sub 14-16-18) - serie A	12:00	SALTO LONXITUDE (sub-10) – serie A-B
		LANZAMENTO PESO (sub-10) – serie B
50 ml (sub-10)	12:05	
60 ml (sub-12)	12:20	
LANZAMENTO PESO (sub-14) – serie A		SALTO DE LONXITUDE (sub-14) – serie A
LANZAMENTO PELOTA (sub-12) - serie A	12:30	
	12:35	50 ml (sub-10)
	12:50	60 ml (sub-12)
LANZAMENTO PESO (sub-14) – serie B		LANZAMENTO XAVELINA (sub 14-16-18) - serie A
LANZAMENTO PELOTA (sub-12) - serie B	13:00	SALTO DE LONXITUDE (sub-14) – serie B
80 ml (sub-14)	13:05	
	13:20	80 ml (sub-14)
SALTO DE LONXITUDE (sub-14) – serie A	13:30	LANZAMENTO PESO (sub-14) – serie A
SALTO LONXITUDE (sub-8)		LANZAMENTO PELOTA (sub-12) - serie A
2000m (sub-14)	13:35	2000m (sub-14)
	13:50	50 ml (sub-8)
SALTO DE LONXITUDE (sub-14) – serie B		LANZAMENTO PESO (sub-14) – serie B
	14:00	LANZAMENTO PELOTA (sub-12) - serie B
50 ml (sub-8)		SALTO LONXITUDE (sub-8)
150 ml (sub-14)	14:10	
	14:20	150 ml (sub-14)
80 mv (sub-14)	14:30	
	14:40	80 mv (sub-14)

**Art. 4. Participación:** Só se permite a participación en 2 probas por atleta (1 carreira e 1 concurso), na categoría sub-14 o límite serán 3 probas, (2 carreiras e 1 concurso ou 2 concursos e 1 carreira) soamente 1 carreira poderá ser superior a 250m.

Nos concursos os participantes terán 4 tentativas.

**Terán preferencia os atletas pertencentes a clubs da provincia de Lugo.**

En caso de que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas.

As probas da categoría sub-8 non serán competitivas.

**Art. 5.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.
- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 5€. No caso de lesión ou enfermidade deberá acreditarse o xustificante facultativo no prazo de 24h.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos).

**Os clubs deberán ter aboadas as inscricións e multas de xornadas anteriores para poder participar nesta proba.**

**Art. 6.** Cada atleta entregará a Declaración Responsable no punto de control de acceso. Os dorsais entregaranse ao responsable do clube no control de acceso.

**Art. 7.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art. 8.** O acceso á instalación será **restrinxido e controlado**. Poderá acceder un adestrador por cada 10 atletas inscritos de cada clube. Para solicitar o acceso deberán enviar un **email** a [delegacionfgalugo@gmail.com](mailto:delegacionfgalugo@gmail.com) ata o mércores ás 22h. No caso que algún clube non envíe ningún adestrador valorarase a posibilidade de permitir o acceso dun delegado por clube.

**Art. 9.** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art. 10.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 1 de maio de 2021

Asdo no orixinal

José Manuel Peña Rodríguez  
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

**ORGANIZA:**



**COLABORA:**

